



# BOP

VENRES, 13 DE DICIEMBRE DE 2019

N.º 285

## DEPUTACIÓN DE LUGO

[boletin@deputacionlugo.org](mailto:boletin@deputacionlugo.org)  
[www.deputacionlugo.gal](http://www.deputacionlugo.gal)

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo  
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

### CONCELLOS

#### CASTROVERDE

##### *Anuncio*

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 4 de decembro do 2019 prestouse aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de outubro de 2019, e expónse ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Castroverde, 10 de decembro de 2019.- O Alcalde, José María Arias Fernández.

R. 3741

#### COSPEITO

##### *Anuncio*

Mediante Resolución de 10 de decembro acordouse someter a información pública por prazo de 20 días o Plan de actuación municipal do Concello de Cospeito (Lugo) de incendios forestais, mediante edictos expositivos no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e na sé electrónica deste Concello, durante o cal os interesados poderán presentar as alegacións, suxestións ou reclamacións que ao seu dereito conveñan.

Cospeito, 12 de decembro de 2019.- O Alcalde, Armando Castosa Alvaríño.

R. 3742

#### PEDRAFITA DO CEBREIRO

##### *Anuncio*

**CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL (UN / UNHA TÉCNICO DE ORGANIZACIÓN E ADMINISTRACIÓN) AO ABEIRO DO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS - PROGRAMA FOMENTO DE EMPREGO 2019**

POSTO DE TRABALLO: Un /unha Técnico de organización e Administración

LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: No Rexistro Xeral do Concello de Pedrafita do Cebreiro ou a través de calquera dos medios que prevé o artigo 16.4 da Lei 39/15, de 01 de outubro, no prazo de **5 días hábiles**, contados a partir do seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no BOP. No suposto de presentarse a instancia fóra do Rexistro Xeral do Concello de Pedrafita do Cebreiro, será necesario adiantala por fax(982 367150), antes do remate do prazo, para que sexan tidas en conta.

SISTEMA DE SELECCIÓN: Concurso - Oposición, segundo o establecido nas bases que se encontran a disposición no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Pedrafita do Cebreiro

Pedrafita do Cebreiro, 28 de novembro de 2019.- O Alcalde, José Luis Raposo Magdalena.

R. 3689

**A PONTENOVA***Anuncio*

Aprobado inicialmente por acordo do Pleno, reunido en sesión ordinaria do 28/11/2019, o inventario municipal de camiños do Concello da Pontenova, sométese o expediente a información pública, durante o prazo de dous (2) meses.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes.

A Pontenova, 3 de decembro de 2019. O Alcalde, Darío Campos Conde.

R. 3743

**RÁBADE***Anuncio*

Aprobado inicialmente polo Pleno do Concello na súa sesión ordinaria celebrada o día 9 de decembro de 2019 o expediente de modificación de créditos Nº 11/2019, transferencia de créditos entre distintas áreas de gasto; en cumprimento do disposto no artigo 179.3 en relación co artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, exponse ó público, por prazo de quince días hábiles, para que os interesados poidan examinalo expediente e presenta-las reclamacións e suxerencias que estimen oportunas.

De non presentarse reclamacións entenderase definitivamente aprobado o acordo ata entón provisional.

Rábade, 10 de decembro de 2019.- O Alcalde, Francisco Xosé Fernández Montes.

R. 3744

**CONSORCIO PARA A XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DA REDE BÁSECA DE ABASTECIMENTO AOS CONCELLOS DE CERVO E BURELA***Anuncio*

Quedando definitivamente aprobada a transferencia de crédito 2/2019 entre diferentes áreas de gasto, aprobada inicialmente por acordo do Consello Reitor do Consorcio para a xestión e explotación da rede básica de abastecemento de auga en alta aos Concellos de Cervo e Burela de 8 de novembro de 2019, elevado automaticamente a definitivo ó non terse presentado reclamacións e, en cumprimento do disposto no artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, que aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, faise público o resumo da correspondente transferencia de crédito entre as diferentes áreas de gasto:

**Altas en aplicacións de gastos**

Aplicación Orzamentaria		Descrición	Euros
920	227.99	Concesión servizo explotación rede abastecemento auga	123.000
		TOTAL GASTOS	123.000

**Baixa en aplicacións de gastos**

Aplicación Orzamentaria		Descrición	Euros
011	310.00	Intereses préstamos	30.000
011	913.00	Amort. Préstamos	93.000
		TOTAL GASTOS	123.000

Cervo, 9 de decembro de 2019.- A Presidenta, Teresa María Gutiérrez López.

R. 3745